



Concello de Oza-Cesuras

PREGO DE CONDICIÓN QUE REXERÁ O CONTRATO DE ALLEAMENTO DE BENS INMOBLES MEDIANTE POXA

1.- Obxecto e cualificación

Constitúe o obxecto do contrato o alleamento por este Concello como corpo certo dos bens inmobles que logo se detallan deste Municipio, para destinalos ao financiamento da aportación municipal da adquisición dun local en planta baixa de inmobile sito na zona urbana de Oza dos Ríos (Oza-Cesuras) para Centro Social de Maiores que non se financia ao abeiro do Convenio entre asinado o 18 de xullo de 2019 entre este concello e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o financiamento das obras de construción dun centro social no concello de Oza-Cesuras.

Relación dos bens:

1.- Finca con referencia catastral: 15026A501005080000MG (finca nº 508, polígono 501 castastro), sita no paraxe da Xesteira, parroquia de Cutián; Superficie: 2248 m2.- **6.169,77 euros.**

2.- Finca con referencia catastral: 15026A501004910000MO (finca nº 491, polígono 501 de castastro), sita no paraxe de Souto das Cobas, parroquia de Cutián; Superficie: 310 m2.- **1.495,94 euros.**

3.- Finca con referencia catastral: 15026B504001970000JR (finca nº 197, polígono 504 de castastro), sita no paraxe de O Cal, parroquia de Dordaño; Superficie: 1103 m2.- **1.330,60 euros.**

Descrición. A descrición detallada (Ref. Catastral, lindes, calificación urbanística, etc.) consta no informe técnico de valoración emitido polos servizos técnicos municipais, a disposición dos interesados na licitación na Casa do Concello de Oza-Cesuras (Lois, 33 - Oza) durante o prazo e presentación de ofertas.

O contrato definido ten a cualificación de contrato privado, tal e como establece o artigo 9.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

2. Procedemento de selección e adjudicación

A forma de adjudicación do alleamento será a poxa, na que calquera interesado poderá presentar unha oferta por cada un dos bens relacionados.



Concello de Oza-Cesuras

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta atenderase a un só criterio de adxudicación, que deberá ser necesariamente o do mellor prezo.

3. Consulta do prego de condicións e obtención de copias.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios, os interesados poderán consultar este prego e obter copia del na web municipal (www.concellodeozacesuras.es) ou nas oficinas municipais, sitas nas Casas do Concello de Oza dos Ríos e Cesuras. Neste último caso, dentro do prazo de presentación de ofertas, os días laborables, entre as 9,00 e as 14,00 horas.

4. Tipo de licitación

Os tipos de licitación á alza son os que se especifican seguidamente para cada unha das fincas:

1.- Finca con referencia catastral: 15026A501005080000MG (finca nº 508, polígono 501 castastro), sita no paraxe da Xesteira, parroquia de Cutián; Superficie: 2248 m².- 6.169,77 euros.

2.- Finca con referencia catastral: 15026A501004910000MO (finca nº 491, polígono 501 de castastro), sita no paraxe de Souto das Cobas, parroquia de Cutián; Superficie: 310 m².- 1.495,94 euros.

3.- Finca con referencia catastral: 15026B504001970000JR (finca nº 197, polígono 504 de castastro), sita no paraxe de O Cal, parroquia de Dordaño; Superficie: 1103 m².- 1.330,60 euros.

O prezo resultante abonarase na conta do Concello e na forma que se determine na notificación da adxudicación, no prazo de dez días naturais a contar desde o seguinte á recepción de tal notificación polo adxudicatario.

5. Capacidade

Poderán presentar ofertas, por si mesmas ou por medio de representantes, as persoas naturais e xurídicas, españolas ou extranxeiras, que teñan plena capacidade para iso e que non se atopen nos supostos de prohibición recollidos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

6. Órgano de contratación



Concello de Oza-Cesuras

Á vista do importe total do contrato, o órgano competente para efectuar a presente contratación e tramitar o expediente de conformidade coa Disposición Adicional Segunda, número 9, da LCSP, será o Alcalde, quen delegou esta competencia na Xunta de Goberno Local, coa que se entenderán todas as actuacións legalmente previstas no procedemento.

7. Acreditación da aptitude para contratar

Poderán presentar ofertas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e non estean incursas en prohibicións para contratar.

1. A capacidade de obrar acreditarase:

- a) En canto a persoas físicas, mediante fotocopia compulsada do documento nacional de identidade.
- b) En canto a persoas xurídicas, mediante a fotocopia compulsada do CIF e a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as noramas polas que se reugla a súa actividaes, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

2 Establécense como prohibicións para contratar con este concello as que se sinalan no artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. De modo específico, os licitadores non poderán ter débedas pendentes coa Facenda municipal. Para a comprobación das restantes prohibicións, ademais da declaración responsable os licitadores autorizarán expresamente a comprobar os rexistros e arquivos dependentes doutras Administracións Públicas ou entidades dependentes das mesmas.

8. Presentación de ofertas e documentación administrativa

As ofertas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, sito na Casa do Concello, Lg. De Lois, 33 - Oza ou no Rexistro Auxiliar da Sede de Cesuras, Lg. De O Forte, 1 - Bragade en horario de atención ao público, dentro do prazo de quince días naturais contados a partir do día seguintes ao de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

As ofertas poderán presentarse por correo en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando as ofertas sexan enviadas por correo, o empresario deberá xustificar a data de



Concello de Oza-Cesuras

imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número de expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida no mesmo polo Secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esta data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha oferta. A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

As ofertas para tomar parte na licitación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda “Oferta para licitar o alleamento de bens inmuebles propiedade do Concello de Oza-Cesuras, segundo anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña de data _____”

A denominación dos sobres é a seguinte:

- Sobre “A”: Documentación administrativa.
- Sobre “B”: Oferta económica finca (identificar a finca ou fincas sobre as que se presenta a oferta)

Cada licitador somentes deberá presentar un sobre A.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

SOBRE “A”

DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

- a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.
- b) Documentos que acrediten a representación.
 - Os que comparezan ou asinen ofertas en nome doutro, acreditarán a representación de calquera modo adecuado en Dereito
 - Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.
 - Igualmente a persoa con poder verificado de suficiencia a efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.
- c) Resgardo acreditativo de ter constituído a garantía provisional por importe do 5% do valor que se corresponde co tipo de licitación sinalado no apartado 4. No caso de



Concello de Oza-Cesuras

presentar ofertas a máis dunha finca, deberá constituír unha garantía polo importe do 5% da suma total dos tipos de licitación das parcelas para as que se presenta oferta económica.

A garantía poderá constituírse en calquera modalidade prevista na lexislación de contratos do sector público. Tamén poderá constituírse mediante cheque conformado pola entidade bancaria, depositado na Tesourería do Concello.

A garantía constituída en efectivo ou en cheque conformado ou bancario polo adxudicatario aplicarase ao pagamento do prezo de venda.

SOBRE “B” OFERTA ECONÓMICA

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

“D/D^a. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/ _____, n^o _____, con DNI n^o _____, en nome propio (ou en representación da Entidade _____, con CIF N^o _____), tendo coñecemento do expediente para alleamento mediante poxa de bens inmobles deo Concello de Oza-Cesuras, anunciado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña de data _____, fago constar que coñezo o Prego que serve de base ao contrato e acéptoo integremente, tomando parte da licitación e comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato polos importes que logo se expresan:

FINCA

PREZO OFERTADO

En _____, a ____ de _____ de 201__

Sinatura do licitador,

Asdo.- _____”

9. Mesa de contratación

A Mesa de Contratación será designada polo órgano de contratación no mesmo acordo de aprobación do presente prego de condicións.

10. Apertura de ofertas

A apertura as ofertas deberá efectuarse no prazo máximo de vinte días contado desde a data de finalización do prazo para presentar as ofertas.



Concello de Oza-Cesuras

A Mesa de Contratación constituirase o décimo día hábil tras a finalización do prazo de presentación das ofertas, procederá á apertura dos Sobres "A" e cualificará a documentación administrativa contida nos mesmos.

Se fose necesario, a Mesa concederá un prazo razoable para que o licitador corrixa os defectos ou omisións emendables observadas na documentación presentada.

Posteriormente, procederá á apertura e exame dos sobres "B", que conteñen as ofertas económicas.

11. Requerimento de documentación

Á vista da valoración das ofertas, a Mesa de Contratación propondrá ao licitador que presentase a mellor oferta.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a mellor oferta para eu, dentro do prazo de quince días, a contar desde o seguinte ao da recepción do requirimento, presente documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

12. Fianza

O órgano de contratación poderá esixir unha fianza complementaria pro importe do 5% do remate da adxudicación para garantir o cumprimento de formalización do contrato.

13. Pago

O pago realizarase previa ou simultaneamente á sinatura do contrato, mediante transferencia bancaria á conta que se indique na notificación de adxudicación ou ben mediante cheque bancario conformado pola entidade.

14. Adxudicación do contrato.

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos dez días seguintes á recepción da documentación.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web do concello.



Concello de Oza-Cesuras

15. Formalización do contrato.

Deberase producir a formalización do contrato en escritura pública, conforme establece o artigo 113 da LPAP, 24 do RXLPAP e 1280 do Código Civil as adquisicións de bens inmobles formalizaranse en escritura pública, inscribíranse no Rexistro da Propiedade e incorporaranse ao Catastro. Serán de conta do adxudicatario os gastos notariais, rexistrais e impostos de aplicación.

16. Réxime xurídico do contrato.

Este contrato ten carácter privado. A súa preparación e adxudicación rexerae polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; os principios extraídos da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 e as súas disposicións de desenvolvemento, para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

En canto aos seus efectos e extinción rexerá polas Normas de Dereito Privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento das cuestións que se susciten en relación coa preparación e adxudicación deste contrato.

A orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e extinción do contrato.

O anterior prego de condicións foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 21 de maio de 2019.

Oza-Cesuras, na data da sinatura electrónica

O SECRETARIO,

Asdo.- José C. Sánchez Presedo